

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 22 de marzo de 2011

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 22/03/2011.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 22/03/2011.
- III. Memoria económica e liquidación do orzamento 2010.
- IV. Orzamento para o ano 2011.
- V. PDA dos graos e da titulación de Enxeñaría de Minas.
- VI. Normativa transitoria da E.T.S.E. de Minas para o programa sócrates-erasmus.
- VII. Normativa transitoria da E.T.S.E. de Minas para as bolsas de intercambio propio.
- VIII. Modificación do Regulamento de Proxecto Fin de Carreira na E.T.S.E. de Minas.
- IX. Normativa de acceso á E.T.S.E. de Minas.
- X. Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas.

Ábrese a sesión ás 12 horas e 9 minutos na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria do 22 de decembro de 2010.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria de Xunta de Escola celebrada o 22 de decembro de 2010.

2. Informe do Director.

O director informa sobre:

- Xa está publicado o libro "Mundo Mineiro 2010" do que se dispoñen varios exemplares no Negociado do centro.
- A aula informática 0 de acceso libre se está abrindo tamén polas tardes os luns, martes e xoves de 16:00 a 19:00 horas, e se encargan da súa xestión, nese horario, dous dos bolseiros do centro.
- O centro participou por primeira vez na "2ª Olimpiada de Xeoloxía", evento que contribúe á visibilidade do centro cara á sociedade.

3. Aprobación, se procede, da memoria económica e liquidación do orzamento 2010.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a memoria económica e liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2010.

Agradécese o traballo realizado pola administradora do centro, Ana Cacheiro, na elaboración da citada memoria.

A memoria e a liquidación do orzamento aprobadas achéganse como anexo III a esta acta.

4. Aprobación, se procede, dunha subvención e un aval para o CARTEL.

A Xunta de Escola aproba con cero votos en contra e dúas abstencións unha axuda destinada ao CARTEL por valor de 3000 euros.

O representante do CARTEL asume o compromiso de apertura da aula 0 todas as mañás de 10:00 a 14:00, excepto durante os períodos de exames, así como a colaboración dos membros do cartel nas actividades de captación que realiza o centro.

5. Aprobación, se procede, do orzamento para o ano 2011.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o orzamento para o ano 2011.

Agradécese o traballo realizado pola administradora do centro, Ana Cacheiro, na elaboración deste orzamento.

O orzamento aprobado achégase como anexo IV a esta acta.

6. Aprobación, se procede, do PDA dos graos e a titulación de Enxeñaría de Minas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a PDA proposta, co apoio expreso a que se revise a PDA en caso de que finalizado el período de matrícula existan alumnos nas diferentes materias da intensificación de materiais.

Achégase a proposta aprobada como anexo V a esta acta.

7. Aprobación, se procede, do límite de prazas.

A Xunta de Escola acorda por asentimento manter o límite de prazas en 40 alumnos de entrada para cada un dos dous graos que se imparten na Escola: "Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos" e "Enxeñaría da Enerxía".

Así mesmo, a Xunta de Escola acorda ofertar 10 prazas por traslado para cada un dos graos antes citados.

8. Aprobación, se procede, dos criterios para a asignación de deducións da Dirección do centro.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta presentada para a distribución da bolsa resultante da aplicación das deducións asignadas como apoio á actividade docente do centro en función das estratexias e prioridades do mesmo, e que se especifica nas seguintes porcentaxes:

- Comité de Difusión das titulacións do centro 27%
- Comisión de Garantía de Calidade..... 27%
- Coordinación 1º dos Graos e PAT..... 27%
- Relacións Internacionais..... 14%
- Prácticas en Empresa..... 5%

9. Aprobación, se procede, da modificación das Normativas de Intercambio na E.T.S.E. de Minas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a "Normativa transitoria da E.T.S.E. de Minas para o programa sócrates-erasmus" (que se achega como anexo VI a esta acta), e a "Normativa transitoria da E.T.S.E. de Minas para as bolsas de intercambio propio" (que se achega como anexo VII a esta acta).

10. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Proxecto Fin de Carreira na E.T.S.E. de Minas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta de modificación do "Regulamento de Proxecto Fin de Carreira na E.T.S.E. de Minas" que se achega como anexo VIII a esta acta.

11. Aprobación, se procede, da Normativa de acceso á E.T.S.E. de Minas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a "Normativa de acceso á E.T.S.E. de Minas" (que se achega como anexo IX a esta acta)

12. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a documentación presentada, relativa ao plan de calidade:

- Proposta de política e obxectivos de calidade da E.T.S.E. de Minas
- Acta de revisión da política e obxectivos de calidade.

Achégase como anexo IX a esta acta a documentación aprobada, relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas.

13. Rolda aberta de intervencións.

Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 7 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, vinte e dous de marzo de dous mil once.

Vº e Prace
O Presidente

O Secretario

Pedro Arias Sánchez

Enrique Granada Álvarez

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 22/03/2011

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 22/03/2011

Asistentes Xunta de Escola ordinaria 22/03/2011

PROFESORES	
1.	Presidente: Pedro Arias Sánchez
2.	Secretario: Enrique Granada Álvarez
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Alonso Prieto, Elena
5.	Álvarez Vázquez, Lino José
6.	Araújo Fernández, María
7.	Cabeza Simó, Marta
8.	Caparrini Marín, Natalia
9.	Carrillo González, Camilo José
10.	Cerdeira Pérez, Fernando
11.	Correa Otero, Antonio
12.	Correa Otero, José María
13.	Durany Castrillo, José
14.	García Bastante, Fernando
15.	González Rodríguez, Elena
16.	Liz Marzán, Eduardo
17.	Manzanedo García, José Fernando
18.	Patino Vilas, David
19.	Pena Uris, Gloria
20.	Pérez Pérez, M ^a Carmen
21.	Taboada Castro, Javier
22.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Arufe López, Álvaro
2.	Blanco Bello, Miguel
3.	Casal Echevarría, Alexandre
4.	Devesa Valledor, Ledo
5.	Faro Malvar, Diego
6.	Giráldez Moreira, Raúl
7.	Gómez Pereira, Laura
8.	Gómez Pérez, Gema
9.	González Fernández, Manuel Alejandro
10.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
11.	Puga Alonso, Javier
12.	Rodríguez Domínguez, Álvaro
13.	Silveira Loureiro, Javier
14.	Sobrino Vázquez, Pablo
15.	Veleiro Pinal, Iván
PAS	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	57
Asistentes	38

Escusan a súa asistencia:

- Ignacio Bajo Palacio
- Enrique Orche García
- José Benito Vázquez Dorrío
- José Bienvenido Díez Ferrer
- Ángeles Saavedra González

ANEXO III

Memoria económica e liquidación do orzamento 2010

MEMORIA ECONÓMICA E LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO 2010

E.T.S. de ENXEÑARÍA de MINAS

Introdución:

O importe do presuposto asignado á E.T.S. de Enx. de Minas correspondente ós créditos descentralizados para o exercicio 2010 sumaba un total de **94.800,84 €** se temos en conta que, a cantidade correspondente ós remanentes específicos do exercicio presupostario 2009 foi de **3.169,90 €** que se realizou unha transferencia dende a partida de subministros do Edificio de **11.485,50 €** e que dende os Colexios Oficiais de Enx. de Minas do Noroeste de España e de Enx. Técnicos de Minas fíxose unha aportación á Escola co gallo da celebración da Semana da Ciencia 2010 por un importe de **1.800,00 €** o crédito definitivo alcanzou un total de **111.256,24 €**

No que atinxe ós créditos para o ano 2010 o igual que en anos anteriores os Centros reciben financiamento por dúas vías:

- a) O financiamento básico do exercicio precedente coas mesmas partidas existentes dos capítulos II e VI, polos mesmos importes que no ano 2009 e coa mesma vinculación por artigos que permite que algún concepto excedentario financie os deudores, manténdose nembargantes a vinculación a nivel de subconceptos no 226.01 “Atencións protocolarias”, no 229.03 “delegación de alumnos” e no 229.04 “prácticas de campo”.
- b) O financiamento condicionado por produción docente que resultará da distribución por criterios de calidade e que se ingresou na partida 228.02 “produción docente”.

A liquidación global do presuposto é a que se reflicte no cadro final (páx. 5) pasándose seguidamente a analizar por separado os importes aproximados correspondentes os conceptos principais do gasto.

Concepto 220: Material de oficina

Principais gastos:

Basicamente os gastos principais corresponden a: material de oficina e fotocopias de dirección, área académica, área económica e conserxería; fichas alumnos, papel exame, material de imprenta, encadernación de actas e outros pequenos gastos cun custo aproximado de 12.471,10 € sendo de destacar este ano a edición do libro correspondente ao IIIº Certame de Fotografía Mineira (Mundo Mineiro 2010) cun custo de 3.450,00 €

Asemade quedaron gastos de fotocopias que non se puideron tramitar por mor das normas de peche de exercicio por un importe aproximado de 1.000,00 €

Comentario:

Esta partida ven resultando tódolos anos excedentaria na súa dotación polo que se decidiu mediante modificación presupostaria de data 1/10/2010 a transferencia de 4.000,00 € ao subconcepto 482.11 “bolseiros colaboradores” co fin de convocar dúas bolsas de colaboración para as accións de innovación docente e mellora de calidade do Centro

Non obstante na execución final da partida e xurdindo gastos imprevistos, que foi necesario imputar ao concepto contable que nos ocupa, resultou un saldo negativo que se sufragou dende a partida de subministros do Edificio mediante a vinculación do artigo 22.

Subconcepto 221.02: Subministros de docencia

O concepto 221.02 comprende os subministros de docencia funxibles relativos ás áreas segundo o reparto que neste concepto se fixo entre as mesmas e que foi aprobado na Xunta de Escola, executándose neste ano 2010 a totalidade do presuposto (19.222,00 €). O resultado deficitario da partida que se debe a adquisición por parte do Centro de subministros de docencia para as aulas informáticas financiou dende a partida de subministros do Edificio mediante a vinculación do artigo 22.

Concepto 222 “Comunicacións”

Neste exercicio presupostario, e de acordo ós criterios de distribución e normas complementarias de execución dos créditos descentralizados para o ano 2010, estableceuse que o pagamento dos gastos telefónicos xestionaríase de maneira centralizada, en función dun límite de crédito do que disporían as diferentes unidades administrativas para gastos de teléfono, ó non superar dito límite neste exercicio económico os únicos gastos asumidos por esta partida foron o do consumo telefónico dos móbiles de dirección e da terceira parte do da administradora por importe de 1.994,04 € quedando comprometidos para o ano 2011 gastos do último trimestre que por mor das normas de peche de exercicio non puideron ser tramitados por un importe aproximado de 1.000,00 € e resultando un saldo negativo de 311,58 € que foi financiado dende a partida de subministros do Edificio mediante a vinculación do artigo 22.

Subconcepto 227.09 “Traballos realizados por outras empresas”

Neste concepto soportáronse os seguintes gastos: limpeza das alfombras dos vestíbulos de entrada por importe de 1.168,36 € mantemento das unidades hixiénicas dos baños por un importe total de 686,40 €, gastos de cloración da auga do alxibe por importe de 1.551,14 € e por último imputouse nesta partida o custo dos viaxes dos alumnos do “Cartel des Mines” por un importe de 3.000,00 €

Asemade quedaron comprometidos para o ano 2011 créditos por importe de 625,40 € para facer fronte os gastos de cloración da auga do alxibe que non puideron ser tramitados por mor das normas de peche do exercicio.

Por último compre subliñar que o saldo negativo de 1.417,58 € desta partida foi financiado dende a partida de subministros do Edificio e da partida de Conferencias mediante a vinculación do artigo 22.

Subconcepto 228.02: Conferencias

Dotouse esta partida co crédito previsto para a partida 229.07 “Outras actividades” por importe de 1.500,00 € debido a un axuste presupostario de servizos Centrais e incrementouse tamén o crédito coas aportacións a “Semana da Ciencia 2010” dos Colexios Oficiais de Enx. de Minas do Noroeste de España e de Enx. Técnicos de Minas por importe de 1.800,00 €

Imputáronse nesta partida en execución do presuposto os gastos xerados polas conferencias impartidas nos Institutos e na Semana da Ciencia para a divulgación da titulación por un importe total de 2.890,00 € resultando un saldo positivo de 410,00 € que en virtude da vinculación por artigos financiou o desfase das outras partidas.

Concepto 230: Indemnizacións por razón de servizo

Imputáronse dietas e gastos de locomoción da dirección do Centro por importe de 2.257,34 € resultando un saldo positivo na partida de 777,62 €

Concepto 229.04 “Prácticas de campo”

Imputáronse por un importe total de 6.086,10 € tódolos gastos xerados polas diversas prácticas de campo debidamente autorizadas, resultando un saldo positivo de 174,40 €

Concepto 280.02 :Producción docente

Este concepto foi dotado no ano 2010 con 23.041,84 € seguindo os criterios de calidade docente e aplicando os índices definidos nas normas de execución do presuposto, imputándose os seguintes gastos:

- axuda celebración Foro Tecnolóxico 2010: 800,00 €
- actuacións para a promoción Escola (lona, pasaportes, trípticos, bolsas, mapas, carteis, exposicións, anuncios prensa, figuras cerámica, camisetas,...): 14.460,15 €
- actuacións de apoio á automatrícula: 1.216,00 €
- colaboración co IIIº Certame de Fotografía Mineira (Mundo Mineiro 2010): 867,10 €
- actualización web da Escola e creación de Curso 0 Virtual: 4.234,00 €
- outros pequenos gastos: 1.464,59 €

Concepto 482.11: Bolseiros colaboradores

Aprobado na xunta de Escola o presuposto para o ano 2010 decidiuse dotar esta partida cunha transferencia dende o concepto 220 “mat. de oficina” para a convocatoria de dúas bolsas de colaboración en accións de mellora por importe de 4.000,00 € que debido as normas de peche de exercicio quedaron comprometidos para o ano 2011, asemade executouse o importe comprometido do ano 2009 (2.160,00 €).

Concepto 625: Mobiliario e equipamento

Neste concepto inclúense os gastos con destino ós investimentos que van entrar por primeira vez en funcionamento como mobiliario en xeral, equipos de oficina, equipos informáticos, equipos audiovisuais, software etc.

Como gastos principias acometéronse os seguintes:

- adquisición de equipamento informático (scanner, ordenadores servizo préstamo, impresoras, ...) por importe de 2.809,74 €
- adquisición de retroproectores e videoproectores por importe de 4.758,15 €
- adquisición e reposición de mobiliario do Centro (sala de videoconferencia, armarios,...) por importe de 8.432,11 €

LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO 2010

		CRÉD. DEFINIT.	GASTADO	COMPROMETIDO	DISPONIBLE
CAP. II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS					
Vinculantes a nivel de artigo					
Art. 22.- Material, subministracións e outros					
220	Material de oficina	8.000,00	15.921,10	1.000,00	-8.921,10
221.01	Subministrados administrativos	11.485,50	0,00	0,00	11.485,50
221.02	Subministrados docentes	19.222,00	20.076,73	0,00	-854,73
222	Comunicacións	3.100,00	3.411,58	0,00	-311,58
223	Transportes	0,00	390,51	0,00	-390,51
227.09	Traballos realizados por outros	6.409,90	7.827,48	0,00	-1.417,58
228.02	Conferencias	3.300,00	2.890,00	0,00	410,00
Total vinculante artigo 22:		51.517,40	50.517,40	1.000,00	0,00
Art. 23.- Indemnizacións por razón de servizo					
230	Indemnizacións por razón de servizo	3.000,00	2.222,38	0,00	777,62
Total vinculante artigo 23:		3.000,00	2.222,38	0,00	777,62
Vinculantes a nivel de subconcepto					
226.01	Atencións protocolarias	3.017,00	3.017,00	0,00	0,00
229.03	Delegación de alumnos	3.120,00	3.120,00	0,00	0,00
229.04	Prácticas de campo	5.400,00	5.225,60	0,00	174,40
280.02	Producción docente	23.041,84	23.041,84	0,00	0,00
TOTAL CAPÍTULO II:		89.096,24	87.144,22	1.000,00	952,02
CAP. IV.-TRANSFERENCIAS CORRENTES					
482.11	Bolseiros colaboradores	6.160,00	1.800,00	4.360,00	0,00
TOTAL CAPÍTULO IV:		6.160,00	1.800,00	4.360,00	0,00
CAP. VI.- INVESTIMENTOS					
Art. 62.- Inversións asociadas ao funcionamento dos servizos					
625	Mobiliario e equipamento	16.000,00	16.000,00	0,00	0,00
TOTAL CAPÍTULO VI:		16.000,00	16.000,00	0,00	0,00
TOTAL CAPÍTULOS II, IV E VI:		111.256,24	104.944,22	5.360,00	952,02

ANEXO IV

Orzamento para o ano 2011

PRESUPOSTO 2011

E.T.S. de Enxeñaría de MINAS

DISTRIBUCIÓN CRÉDITOS DEFINITIVOS

1.- INTRODUCCIÓN

De acordo ao orzamento do ano 2011 da Universidade de Vigo, descentralízanse os créditos dos capítulos II e VI, distribuíndose de conformidade cos criterios de descentralización que se establecían no anexo I “Criterios de distribución e normas complementarias de execución dos créditos descentralizados para o ano 2011” do presuposto da Universidade de Vigo que contempla unha minoración nas partidas do Centro dun 10% con respecto o 2010.

Unha vez comunicada informaticamente polo Servizo de Contabilidade a dotación inicial dos créditos descentralizados correspondentes ó Centro cómpre proceder á distribución dos créditos desta Escola.

2.- CRÉDITOS CONSIDERADOS

Os créditos asignados terán como finalidade financiar os gastos de docencia así como tamén os gastos necesarios para o funcionamento ordinario do centro e como ven sendo habitual nos exercicios anteriores, no ano 2011 os centros van recibir financiamento por dúas vías:

- a) Establecese un financiamento básico do presuposto do 2011 nos Capítulos II e VI que foi dotada segundo as necesidades do Centro.
- b) Establecese o financiamento adicional por “producción docente” que resultará da distribución segundo os indicadores de calidade docente.
- c) Dada a situación de compartir centro con outra titulación, os gastos da xestión do edificio e instalacións, así como os gastos de subministrados e mantemento (auga, luz, gasóleo etc.) serán comúns.

O igual que nos exercicios presupostarios anteriores na dotación dos créditos débese ter en conta que os gastos de teléfono xestionaranse de maneira centralizada, asemade os gastos destinados á Biblioteca serán asumidos directamente pola Biblioteca Central.

Compre destacar no presuposto do ano 2011 a vinculación dos créditos por artigos, excepto os que se relacionan a continuación que vinculan no nivel de desagregación que se indica:

- 226.01 Atencións protocolarias
- 229.03 Delegación de alumnos
- 229.04 prácticas de campo
- 280.02 Producción docente

No exercicio 2011 o orzamento inicial asinado á E.T.S. Enxeñeiros de Minas ascende a un total de **65.482,00 €** (Cadro I). Así mesmo débese ter en conta que o orzamento definitivo ven definido pola suma do orzamento básico (**65.482,00 €**) e o adicional por produción docente (**18.146,11 €**).

Polo antedito, o crédito definitivo suma un total de **83.628,11 €**

CADRO I

**DOTACIÓN INICIAL CRÉDITOS DESCENTRALIZADOS
DA E.T.S ENX. MINAS**

COMPARATIVO EJERCICIO 2010/2011

IMPORTES		ABSOLUTOS	
Concepto	Denominación do gasto	2010 euros	2011 euros
220	Material de oficina	12.000,00	11.700,00
221.02	Subministracións docentes	19.222,00	17.299,00
222	Comunicacións	2.500,00	2.250,00
226.01	Atencións protocolarias	3.017,00	2.715,00
227.09	Traballos outras empresas	6.000,00	5.400,00
229.03	Delegación de alumnos	3.120,00	2.808,00
229.04	Prácticas de campo	5.400,00	4.860,00
280.02	Conferencias	1.500,00	1.350,00
230.01	Indemnización razón servizo	3.000,00	2.700,00
280.02	Producción docente	23.041,84	18.146,11
TOTAL CAPITULO II		78.800,84	69.228,11
625	Mobiliario e equipamento	16.000,00	14.400,00
TOTAL CAPITULO VI		16.000,00	14.400,00
TOTAL CAPÍTULO II E VI		94.800,84	83.628,11

Os créditos asinados á Delegación de alumnos terán como primeiro obxectivo atende-los gastos derivados das súas actividades propias e dos seus representantes nos órganos de goberno da Universidade. Para que estas dotacións poidan financiar gastos de carácter inventariable é necesario que por parte do Director ou Administrador do centro se solicite a correspondente modificación de crédito, sen que en ningún caso esta poida dar lugar a un incremento do gasto.

Os créditos definitivos segundo a súa clasificación económica en artigos, conceptos e subconceptos é a que segue:

3.- DISTRIBUCIÓN CRÉDITOS EJERCICIO 2011

Considerando os créditos definitivos á distribución destes nos capítulos II, IV e VI segundo a súa desagregación en conceptos e subconceptos é a que de seguido se indica: a distribución do crédito efectúase considerando tanto os gastos xa autorizados ou comprometidos como unha previsión dos que se poderían abordar no que resta de exercicio. Para cada unha das aplicacións a distribución é a que segue:

220.- Material de oficina:

Comprende os gastos ordinarios de material de oficina, prensa, libros, publicacións, fotocopias, encadernacións, material para funcionamento de equipos informáticos, de transmisión e outros de administración e dirección.

Previsión	Importe
Material de oficina centro	11.700,00
Total	11.700,00

221.02.- Subministros Docencia:

Comprende gastos de reactivos, material funxible, fotocopias, gases de uso docente, produtos farmacéuticos, alimenticios etc. Dado o carácter vinculante e limitativo do subconcepto 221.02, imputaranse tódolos gastos de docencia (fotocopias, material oficina e en xeral todo o material funxible adicado á docencia).

Previsión	Importe
Subministro Docencia (Reparto áreas)	17.299,00
Total	17.299,00

222.- Comunicacións:

Inclúe gastos por servizos postais non ordinarios e de telefonía móbil, estando os gastos por servizos telefónicos fixos centralizados.

Previsión	Importe
Telefonía móbil	2.250,00
Total	2.250,00

Só se asumirán por este concepto os gastos de correos e telefonía móbil correspondentes a administración e dirección.

227.09.- Traballos realizados por outras empresas:

Previsión	Importe
Limpeza alfombras	1.400,00
Total	1.400,00

226.01.- Atencións Protocolarias.

Incluiranse os gastos autorizados polo Centro para gastos sociais e de representación.

Previsión	Importe	
Atencións Protocolarias		2.715,00
Total		2.715,00

228.02.- Cursos e Conferencias.

Incluiranse os gastos autorizados polo Centro para cursos e conferencias.

Previsión	Importe	
Conferencias		1.350,00
Total		1.350,00

229.04.- Prácticas de Campo.

Incluiranse os gastos autorizados polo Centro para a realización das prácticas de campo non podendo autorizarse transferencias de crédito dende esta partida segundo consta nos presupostos da Universidade

Previsión	Importe	
Prácticas de campo		4.860,00
Total		4.860,00

280.02.- Producción Docente.

Comprenderán actividades que sirvan para a mellora da Docencia na E.T.S.E. de Minas.

Previsión	Importe	
Foro Tecnolóxico		820,00
Visitias IES		1.000,00
Merchandising		2.926,11
Actualización Web		1.000,00
Cartel Minas		3.000,00
Colaboración automatrícula		1.200,00
Exposicións		6.000,00
Concurso Mundo Mineiro 2011		1.400,00
SMG		800,00
Total		18.146,11

230.01.- Indemnizacións por razóns do servizo:

Imputaranse gastos de dietas, locomoción, traslados e outras indemnización por razón do servizo correspondente á dirección do centro.

Previsión	Importe	
Desprazamentos e dietas de dirección		2.700,00
Total		2.700,00

482.11- Bolsas Colaboración

Imputaranse o custo dunha bolsa de colaboración de xestión.

Previsión	Importe
Bolseira/o (5 meses)	2.000,00
Bolseira/o (5 meses)	2.000,00
Total	4.000,00

625.- Investimento en mobiliario e equipamento:

Neste concepto inclúense os gastos que se efectúen con destino os investimentos que vaian entrar por primeira vez en funcionamento como mobiliario en xeral (sexan de madeira, metálicos ou doutro material), equipos de oficina, tales como máquina de escribir, calcular, fotocopiadoras, arquivadores, etc.

Previsión	Importe
Equipos informáticos	4.008,66
Reposición mobiliario	5.000,00
Mesa Sala de Videoconferencia	2.918,34
Tablet y conexións en Aula de Grado	2.473,00
Total	14.400,00

DISTRIBUCIÓN DO CRÉDITO POR CONCEPTOS

* O déficit no capítulo IV financiarase mediante transferencia dende os subconceptos 229.07 e 227.09

Disposicións adicionais: **1ª.-** Autorízase ó Director ou Administradora para aprobar gastos por importe superior á dotación dos conceptos indicados, cando pola necesidade inaprazable do gasto sexa necesario reaxusta-lo crédito inicial, sen que iso poida supor un incremento do presuposto global. **2ª.-** Autorízase ó Director ou Administradora para propoñer, ó Reitor ou Xerente, as transferencias de crédito que sexan necesarias para reaxusta-lo crédito dos distintos conceptos cando o estado de execución do presuposto así o faga necesario.

REPARTO SUBMINISTROS DOCENTES 2011 (221.02)

CÓDIGO/ÁREAS	2010 [Créditos]	HORAS	2011
065/CC. DOS MATERIAIS E ENX. METALÚRXICA	2217,92 [69,0]	330	967,57
265/ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA	241,08 [7,5]	250	733,01
280/ESTRATIGRAFIA	433,94 [13,5]	75	219,90
295/EXPLOTACIÓN DE MINAS	2362,57 [73,5]	570	1671,26
305/EXPRESIÓN GRÁFICA NA ENX.	626,8 [19,5]	220	645,05
345/FILOLOXIA INGLESA	96,43 [3,0]	30	87,96
385/FÍSICA APLICADA	771,45 [24,0]	350	1026,20
505/ENX. CARTOGRAFICA	771,45 [24,0]	225	659,71
515/ENX. DOS PROCESOS DE FABRICACIÓN	128,58 [4,0]	30	87,96
520/ENX. DE SISTEMAS E AUTOMÁTICA	771,45 [24,0]	195	571,75
535/ENX. ELÉCTRICA	1446,47 [45,0]	450	1319,42
545/ENX. MECÁNICA	433,94 [13,5]	135	395,82
555/ENX. QUÍMICA	1446,47 [45,0]	415	1216,79
590/MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS	1783,99 [55,5]	570	1671,26
596/MATEMÁTICA APLICADA	1205,39 [37,5]	605	1773,88
600/MECÁNICA DE FLUIDOS	530,37 [16,5]	165	483,79
605/MEC. DOS MEDIOS CONTINUOS De ES.	867,88 [27,0]	270	791,65
650/ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS	771,45 [24,0]	165	483,79
710/PROSPECCIÓN E INVESTIGACIÓN MIN.	723,25 [22,5]	400	1172,81
720/PROXECTOS DA ENXEÑERIA	385,73 [12,0]	90	263,88
785/TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA	433,94 [13,5]	150	439,81
790/TECNOLOX. MEDIO AMBIENTE	771,45 [24,0]	210	615,73
TOTAIS	19222,00 [598,00]	5900	17.299,00

ANEXO V

PDA dos graos e da titulación de Enxeñaría de Minas

E.T.S.E. de MINAS
CURSO 2011-2012

ENCARGO DE DOCENCIA (PDA) DE GRAOS E TITULACIONES LRU

(309110V01) Enxeñeiro de Minas				
CURSO		GRUPOS A	GRUPOS B	GRUPOS C
1º CURSO		SIN DOCENCIA		
2º CURSO		SIN DOCENCIA		
3º CURSO		1	0	2
4º CURSO COMUN		1	0	2
4º CURSO ENERGIA		1	0	2
4º CURSO MATERIALES		0	0	0
4º CURSO AMBIENTAL		1	0	2
5º CURSO COMUN		1	0	2
5º CURSO ENERGIA		1	0	1
5º CURSO MATERIALES		0	0	0
5º CURSO AMBIENTAL		1	0	1
5º OPTATIVAS		1	0	1
OPTATIVAS 2º CICLO	Teledetección / Hidroloxía e Xeotermia	1	0	2
	Ampliación de Laboreo	1	0	1
LIBRE ELECCIÓN		1	0	0

(V09G290V01) Grao en Enxeñaría da Enerxía (V09G310V01) Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos			
CURSO	GRUPOS A	GRUPOS B	GRUPOS C
1º CURSO	2	4	6
2º CURSO COMUNES	2	4	6
2º CURSO GRADO INGENIERIA DE LA ENERGIA	1	2	3
2º CURSO GRADO INGENIERIA DE LOS RECURSOS MINEROS Y ENERGETICOS	1	2	3

DEPARTAMENTOS ENCARGADOS DE LA DOCENCIA DE 2º CURSO DE LOS GRADOS

(V09G290V01) Grao en Enxeñaría da Enerxía		
2º Curso		
G290301	Electrotecnia	D00t02 - Enxeñaría Eléctrica
G290405	Enxeñaría Mecánica	D00t03 - Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Termicos e Fluídos
G290303	Tecnoloxía de Materiais	D00t05 - Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construcción
G290304	Resistencia de Materiais	D00t05 - Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construcción
G290305	Mecánica de Fluídos	D00t03 - Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Termicos e Fluídos
G290306	Física: Sistemas Térmicos	D00t03 - Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Termicos e Fluídos
G290401	Xeomática	D00t06 - Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente
G290402	Tecnoloxía Ambiental	D00t06 - Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente
G290404	Mecánica de Solos	D00t06 - Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente
G290302	Termodinámica e Transmisión de Calor	D00t03 - Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Termicos e Fluídos
(V09G310V01) Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos		
2º Curso		
G310403	Seguridade e Saúde	D00t06 - Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente
G310405	Calor e Frío	D00t03 - Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Termicos e Fluídos

ANEXO VI

Normativa transitoria da E.T.S.E. de Minas para o programa sócrates-erasmus

1. **Normativa transitoria**

A presente normativa reguladora do programa de intercambio internacional Sócrates-Erasmus é específica para a Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas. Así mesmo, propónse como modificación da antiga normativa pero con carácter transitorio aplicable durante a desaparición do antigo plan de Enxeñeiro de Minas (título LRU a extinguir). A presente normativa deberá ser actualizada antes da completa implantación dos novos graos, contemplando con maior detalle a súa particularidade.

2. **Sobre o programa de intercambio**

O alumnado interesado en solicitar unha bolsa deberá conseguir, pola súa conta, información específica sobre as universidades de destino mediante consultas en internet. A web da ORI (Oficina de Relacións Internacionais) dispón de enlaces coas páxinas de cada institución (http://uvigo.es/uvigo_gl/Administracion/ORI/convenios/convenios_erasmus/). Tamén se pode atopar información das universidades con acordo bilateral coa ETSE Minas na páxina web oficial da escola (<http://minas.uvigo.es/>) dentro do apartado de Internacional.

3. **Proceso de solicitude**

Todo o proceso relativo á solicitude das prazas convocadas está xestionado desde a ORI. Para calquera dúbida sobre a convocatoria (impresos, prazos, bolsas...), os solicitantes deberán dirixirse directamente á ORI (Edificio Miralles; tfno.: 986 813 550; correo electrónico: ori@uvigo.es). O responsable de Relacións Internacionais do centro soamente é responsable da información académica (elaboración de contratos de estudos, recoñecemento de materias, PFCs, etc.).

4. **Requisitos dos solicitantes**

4.1 **Estudantes de Grao**

Poderán optar á convocatoria aqueles estudantes de Grao que teñan aprobado un mínimo de 120 ECTS.

4.2 **Estudantes Título Antigo**

A continuación detállanse os requisitos mínimos que debe cumprir os estudantes de Enxeñaría de Minas que queiran optar a esta convocatoria:

- Non ter sido beneficiario dunha bolsa Erasmus con anterioridade.
- Deberán estar matriculados na Universidade de Vigo durante o curso no que gocen da bolsa.
- Deberán ter superado case por completo o primeiro ciclo da carreira. Isto significa o primeiro curso completamente aprobado, e un máximo de **7.5 créditos locais** suspensos no segundo curso.

- Non se poderán cursar en Universidades estranxeiras materias nas que previamente se obtivera a cualificación de **suspenso** na Universidade de Vigo.
- O período de estudos cursado no centro asociado non pode ser inferior a tres meses nin superior a 10 meses (2 semestres completos).
- Ter un nivel de coñecemento do idioma esixido para o país de destino adecuado para desenvolver a actividade académica que vai realizar. O nivel de coñecementos previos pode acreditarse mediante a presentación de certificados oficiais que se detallan na convocatoria oficial Erasmus (consultar á ORI). En caso contrario deberán superar as probas de idiomas (inglés, francés, alemán) que serán organizadas pola ORI en colaboración co Centro de Linguas da Universidade de Vigo.
- Soamente estarán exentos da realización de ditas probas os alumnos que soliciten destinos nos que non sexa preciso o coñecemento de ditas linguas (no caso da ETSEM, Portugal e Italia). Valorarase a presentación de coñecementos dos idiomas do país de destino.

5. *Avaliación das solicitudes.*

De entre os estudantes que acaden os requisitos mínimos, a selección farase en base ó expediente académico, nota media simple (segundo o criterio da Xunta, publicado no DOGA do 23 de Marzo 2005). En caso de expedientes coa mesma nota media e peticións de destino coincidentes, daráselles preferencia aos candidatos que reflectan unha cualificación superior no idioma do país de destino.

En caso de que alguén teña tódalas súas alternativas escollidas por outros compañeiros aos que lles tocaba elixir antes, permitiráselle escoller outra posibilidade durante a reunión organizada para distribuír as prazas (realizada entre as datas de publicación da listaxe provisional e definitiva).

O citado proceso de avaliación e selección será levado a cabo polo responsable de Relacións Internacionais da ETSE Minas, que posteriormente remitirá a lista definitiva á ORI, nos prazos establecidos na convocatoria ordinaria.

6. *Contrato de estudos*

Unha vez resolta a concesión de bolsas Erasmus, a ORI publicará a resolución reitoral correspondente e enviará unha copia ás persoas responsables das relacións internacionais dos centros. Os estudantes seleccionados deberán propoñer, coa colaboración e aceptación do responsable das relacións internacionais (RRII) do seu centro, o seu contrato de estudos (learning agreement). A data límite para a súa presentación quedará reflectida na convocatoria do programa Erasmus correspondente.

Para o establecemento deste contrato, buscarase a máxima afinidade de temario e carga lectiva, establecendo como base de medida o crédito ECTS. O responsable de RRII facilitará aos alumnos unha relación das materias da ETSE Minas coa equivalencia crédito propio/ECTS de modo que o estudante poda facer a escolla mais adecuada e viable. En ningún caso os recoñecementos realizados en anos anteriores sentarán precedente.

O número máximo de créditos recoñecidos nunha estadía anual (10 meses) será o dun curso completo na Universidade de Vigo (60 ECTS). O número máximo recoñecido nunha estadía cuadrimestral (ou semestral) será de 30 ECTS.

Con posterioridade, durante o curso, o estudante poderá solicitar por escrito ó responsable de RRII, modificacións no contrato de estudos. Os prazos tamén se indicarán na convocatoria de cada ano, pero polo xeral soen incluír o 15 de Decembro e 15 de Abril como datas límites para os cambios nas materias do primeiro e segundo cuadrimestre respectivamente.

O contrato de estudio só reflectirá as materias a cursar no estranxeiro así como a súa convalidación na Universidade de partida (UVigo). E expensas desto, o estudante pode estar matriculado noutras materias exclusivamente na Universidade de Vigo (matrícula ordinaria). Entre os cambios de contrato posibles, permítese paso de materias de matrícula ordinaria a Erasmus e viceversa sempre que non se incumpran as normas pre-establecidas (estar fora das datas límite, facer matrícula Erasmus para materias nas que o alumno se examinou con anterioridade, etc.). Este cambio só se permitirá unha vez por materia e curso, e será reflectido no contrato. O propio alumno será o responsable de xestionar dita modificación de matrícula no servizo de alumnado do centro mediante os trámites adecuados.

Con relación a este último punto, os estudantes poderán examinarse en segunda convocatoria das materias de matrícula Erasmus na universidade de acollida ou na propia (UVigo). No segundo caso será necesario que modifiquen o estado da matrícula para poder presentarse aos exames en Vigo, polo que o trámite deberá realizarse nas datas adecuadas antes da convocatoria desexada.

7. Recoñecemento dos estudos

7.1 Materias comúns

O recoñecemento académico só afectará a materias en que o estudante se atope matriculado na Universidade de Vigo durante o curso académico en que realice o intercambio e que aparezan reflectidas no seu contrato de estudo (orixinal + modificacións).

Este recoñecemento só será efectivo cando o alumno estea de volta na Universidade de Vigo; os certificados coas notas das materias cursadas nas universidades de destino (Transcript of Records) serán remitidos por estas directamente ao negociado de alumnado da ETSE Minas ou ó representante de RRII do centro.

A transcripción de notas farase materia por materia acorde ao establecido no contrato de estudos. A transcripción da cualificación non será directa, senón que será ponderada pola nota media do expediente que o alumno posuía antes de comezar o período Erasmus. Deste xeito, tódalas materias aprobadas adoptarán a seguinte nota (sempre en base numérica):

$$\begin{array}{ll} \text{Se } x'_i \leq \bar{x} & x_i = \bar{x} \\ \text{Se } x'_i > \bar{x} & x_i = \frac{(x'_i + \bar{x})}{3} \end{array} \quad (\text{Sempre que } x_i > \bar{x}. \text{ Senón } x_i = \bar{x})$$

Onde \bar{x} = nota media simple, x'_i = nota acadada de Erasmus transcrita a escala (1-4) e x_i = nota final reflectida no expediente. Esta metodoloxía de recoñecemento promóvese para que a influencia da estancia Erasmus na nota media do expediente non sexa desmesurada (nin positiva nin negativamente).

7.2 Proxecto Fin de Carreira

A posibilidade de realizar o proxecto fin de carreira (PFC) debe ser tamén recollida no contrato de estudos. Este poderá realizarse parcial ou totalmente durante a estancia Erasmus. No primeiro caso o estudante prepara o material durante a súa estancia pero decide ler na Universidade de Vigo, polo que deberá seguir o mesmo protocolo que calquera estudante propio (mesma vía).

En caso de presentalo na universidade de acollida, o alumno terase que adaptar as súas normas e voltará cun resultado convalidable semellante ao das materias (figurarán no seu transcript of records). Neste caso, o recoñecemento do proxecto poderá realizarse directamente acadando unha nota máxima igual a **sobresáinte (9.0)**. Si o alumno quere obter unha nota superior, deberá presentalo na Universidade de Vigo seguindo a vía ordinaria e normas que marca a ETSE Minas.

7.3 Materias libre configuración

Ademais das materias ordinarias incluídas no contrato de estudo, o alumno á súa volta poderá pedir a validación de materias extra cursadas como Erasmus por créditos de libre configuración. A decisión última sobre este recoñecemento recaerá na comisión permanente da ETSE Minas, que valorará positiva ou negativamente a solicitude, previa aceptación a trámite do responsable de RRII da escola, quen verificará que os cursos solicitados non foran utilizados previamente no contrato de estudos para validar outras materias.

8. Aplicación

A presente normativa transitoria entrará en vigor dende a súa aprobación, e a partires da convocatoria de prazas Erasmus para o curso 2011/2012 en adiante.

ANEXO VII

Normativa transitoria da E.T.S.E. de Minas para as bolsas de intercambio propio

NORMATIVA TRANSITORIA DA ETSE MINAS PARA AS BOLSAS DE INTERCAMBIO PROPIO

1. Normativa transitoria

A presente normativa reguladora do programa de intercambio internacional propio é específica para a Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas. Así mesmo, propónse como modificación da antiga normativa pero con carácter transitorio aplicable durante a desaparición do antigo plan de Enxeñeiro de Minas (título LRU a extinguir). A presente normativa deberá ser actualizada antes da completa implantación dos novos graos, contemplando con maior detalle a súa particularidade.

2. Sobre o programa de intercambio

A Universidade de Vigo, a través da súa Oficina de Relacións Internacionais (ORI), (http://uvigo.es/uvigo_gl/Administracion/ORI) fai pública anualmente a convocatoria de bolsas propias (Bolsas Internacionais), co obxecto de fomentar a mobilidade internacional e incrementar os intercambios de estudantes en universidades extracomunitarias cas que a Universidade de Vigo ten asinados convenios de intercambio. As prazas ofertadas, características e información figuran na convocatoria da ORI.

3. Proceso de solicitude

Todo o proceso relativo á solicitude das prazas convocadas está xestionado dende a ORI. Para calquera dúbida sobre a convocatoria, impresos, prazos, bolsas etc., os solicitantes deberán dirixirse directamente á ORI (Edificio Miralles; tfno.: 986 813 550; correo electrónico: ori@uvigo.es). O responsable de Relacións Internacionais do centro somentes é responsable da información académica.

4. Requisitos dos solicitantes

4.1 Estudantes de Grao

Poderán optar á convocatoria aqueles estudantes de Grao que teñan aprobado un mínimo de 120 ECTS.

4.2 Estudantes de Título Antigo

4.2.1 Requisitos Xerais

Veñen dados pola ORI e aparecen publicados nas resolucións correspondentes a cada convocatoria. Son os seguintes:

- Estar matriculado na Universidade de Vigo no curso no que se presenta a solicitude.
- O estudante deberá matricularse na Universidade de Vigo no curso no que se realizará a estadía.
- Non poderán solicitar esta bolsa os estudantes que gocen doutra bolsa de intercambio promovida pola Oficina de Relacións Internacionais durante o mesmo período.
- Non poderán solicitar estas bolsas os estudantes que xa gozaron dunha bolsa de intercambio propia da Universidade de Vigo.

4.2.2 Requisitos específicos

- Non estar en posesión dun título universitario superior.
- Os estudantes deberán ter superado case por completo o primeiro ciclo da carreira. Isto significa o primeiro curso completamente aprobado, e un máximo de **7.5 créditos locais** suspensos no segundo curso.
- Os intercambios propios da ETSE Minas ofértanse **exclusivamente** para a realización de Proxectos Fin de Carreira (PFC). Queda polo tanto prohibida a convalidación de materias ó aveiro deste intercambio (sexo cal sexa a universidade de acollida)

5. Avaliación das solicitudes.

O criterio de selección que se aplicará para a avaliación baséase nos seguintes puntos:

- Terán prioridade os alumnos que non disfrutasen con anterioridade bolsas de mobilidade internacional en calquera das súas modalidades (Erasmus, ISEP, etc.).
- A igualdade de condicións, priorizaráanse as solicitudes según o expediente académico.

6. Recoñecemento do Proxecto Fin de Carreira (PFC)

Se o PFC é presentado na universidade de acollida, o alumno terase que adaptar as normas alí establecidas e voltará cun resultado convalidable que figurará no seu *transcript of records* ou documento equivalente. Neste caso, o recoñecemento do proxecto poderá realizarse directamente acadando unha nota máxima igual a **sobresaínte (9.0)**. Si o alumno quere obter unha nota superior, deberá presentalo na Universidade de Vigo seguindo a vía ordinaria e normas que marca a ETSE Minas.

7. Aplicación

A presente normativa transitoria entrará en vigor dende a súa aprobación, e a partires da convocatoria de prazas de bolsas propias para o curso 2011/2012 en adiante.

ANEXO VIII

Modificación do Regulamento de Proxecto Fin de Carreira na E.T.S.E. de Minas

MODIFICACIONES PROPOSTAS SOBRE O REGULAMENTO DE PROXECTO DE FIN DE CARREIRA NA TITULACIÓN DE ENXEÑARÍA DE MINAS E APROBADAS NA COMISIÓN PERMANENTE CELEBRADA O 3 DE FEBREIRO DE 2011

No artigo 3. Proposta de director, título e tribunal de Proxecto Fin de Carreira

Donde di:

- Breve memoria en que se indique o tema do traballo, os seus obxectivos e a formulación deste, que se entregará como anexo á proposta, **cunha extensión de entre unha e dúas caras en tamaño DIN A4.**

Debe dicir:

- Breve memoria en que se indique o tema do traballo, os seus obxectivos e a formulación deste, que se entregará como anexo á proposta, **cunha extensión máxima dunha cara en tamaño DIN A4.**

No artigo 3. Proposta de director, título e tribunal de Proxecto Fin de Carreira

Donde di:

Se en calquera momento o alumno desexa cambiar de título, director e tribunal, presentará unha nova solicitude segundo a normativa vixente. A anulación do anterior expediente seralle notificada pola Secretaría de Alumnos por correo electrónico ao director implicado, e **presentará unha nova solicitude.**

Debe dicir:

Se en calquera momento o alumno desexa cambiar de título, director e tribunal, presentará unha nova solicitude segundo a normativa vixente. A anulación do anterior expediente seralle notificada pola Secretaría de Alumnos por correo electrónico ao director implicado.

No artigo 3. Proposta de director, título e tribunal de Proxecto Fin de Carreira

Donde di:

A aprobación de solicitudes para a designación do título, director e tribunal do PFC queda condicionada a que os alumnos superen todas as materias da titulación de Enxeñaría de Minas recollidas no plan de estudos vixente na ETSE de Minas ou, no seu defecto, estean matriculados en todas as materias non superadas necesarias para a obtención do título de Enxeñaría de Minas, **cun máximo de dúas materias.**

Debe dicir:

A aprobación de solicitudes para a designación do título, director e tribunal do PFC queda condicionada a que os alumnos superen todas as materias da titulación de Enxeñaría de Minas recollidas no plan de estudos vixente na ETSE de Minas ou, no seu defecto, estean matriculados en todas as materias non superadas necesarias para a obtención do título de Enxeñaría de Minas.

No artigo 3. Proposta de director, título e tribunal de Proxecto Fin de Carreira

Donde di:

Os membros do tribunal serán propostos polo director ou directores do PFC coas seguintes especificacións:

- ☞ O presidente, un vogal e os seus suplentes respectivos, deberán ser profesores da Universidade de Vigo con docencia na ETSIM (no momento **en que se solicita o tribunal**), e pertencentes a unha área que garde relación co tema do PFC.

Debe dicir:

Os membros do tribunal serán propostos polo director ou directores do PFC coas seguintes especificacións:

- ☞ O presidente, un vogal e os seus suplentes respectivos, deberán ser profesores da Universidade de Vigo con docencia na ETSIM (no momento **en que se solicita a aprobación do tribunal**), e pertencentes a unha área que garde relación co tema do PFC.

No artigo 5. Defensa e cualificación do Proxecto Fin de Carreira

Donde di:

Calquera PFC que obteña a máxima cualificación poderá optar aos diferentes accésits ou premios extraordinarios establecidos **para PFC** ou que se poidan establecer nun futuro por parte da Escola.

Debe dicir:

Calquera PFC que obteña a máxima cualificación poderá optar aos diferentes accésits ou premios extraordinarios establecidos ou que se poidan establecer nun futuro por parte da Escola **para PFC**.

O artigo 6. PFC ligados a Programas de Intercambio de Estudiantes entre Universidades

Queda redactado do seguinte modo:

O PFC poderase realizar acolléndose aos programas de intercambio de estudantes entre universidades: Erasmus, Isep, Sicue etc.

Os alumnos que realicen o proxecto de fin de carreira noutro centro, no marco dun programa de intercambio, pero que opten por defendelo nesta Escola deberán seguir os mesmos trámites que os establecidos con carácter xeral para os alumnos da E.T.S.E. de Minas.

Os alumnos que realicen e aproben o proxecto fin de carreira no marco dun programa de intercambio poderán solicitar o recoñecemento de dito PFC na secretaría de alumnos segundo o impreso recollido no anexo II deste regulamento. Será necesario presentar toda a documentación acreditativa de superar o PFC así como un tomo do proxecto escrito no idioma orixinal de realización e encadernado seguindo a normativa complementaria sobre a edición do PFC que figura no anexo I deste regulamento facendo constar a Universidade donde se realizou o PFC. Neste caso, o recoñecemento do título, tema e director será automático e a cualificación outorgada será de "SOBRESALIENTE (9.0)", salvo que a nota outorgada pola Universidade de orixe sexa inferior, en cuxo caso se manterá dita cualificación.

No caso de que o alumno quixera obter unha nota superior deberá presentar e defender o PFC na Universidade de Vigo, seguindo os mesmos trámites que os establecidos con carácter xeral para os alumnos desta E.T.S.E. de Minas, entregando un único exemplar do PFC, redactado en galego, castelán ou inglés.

No artigo 8. Disposicións finais

Donde di:

Este regulamento entrará en vigor despois da súa aprobación na Xunta de Escola para todas as intensificacións da titulación de Enxeñaría de Minas.

Debe dicir:

Este regulamento entrará en vigor despois da súa aprobación na Xunta de Escola.

El artículo 9. Disposición transitoria

Que dice:

Os alumnos que, tras a entrada en vigor deste regulamento, teñan aprobado polo menos o director e o título do PFC, disporán dun prazo máximo dun curso académico para a súa presentación e poderán rexer a súa tramitación pola normativa anterior ou poderán acollerse libre e voluntariamente á normativa vixente.

Desaparece, xa que as modificacións expostas non modifican substancialmente o procedemento.

Modifícanse, así mesmo, os anexos afectados por esta proposta para adecualos ao novo texto.

ANEXO IX

Normativa de acceso á E.T.S.E. de Minas

NORMATIVA DE ACCESO Á ETSE DE MINAS (aprobada na Xunta de Escola do 22 de marzo de 2011)

A Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas é un centro público con horarios de apertura e peche determinados pola Universidade de Vigo ou polo propio centro. Como norma xeral, as actividades nos centros deben realizarse dentro destes horarios. Non obstante, a natureza propia das actividades de docencia, xestión ou investigación pode facer necesario o acceso ao Centro e a utilización dos seus recursos fora de tales intervalos.

Para regular o funcionamento destas situacións extraordinarias establécense estas normas:

- ❶ Como norma xeral, a forma de acceso fora do horario habitual será a establecida pola Universidade. En este momento consiste en solicitar a apertura da porta aos servizos de seguridade do campus, que esixirán a identificación do usuario e a autorización previa da Administradora do Centro.
- ❷ En aquelas situacións nas que o acceso teña que ser máis continuado, a Dirección da Escola poderá autorizar o uso de tarxetas de acceso persoais para acceder ao Centro. En calquera caso, estas solicitudes deberán estar motivadas e a súa concesión axustarase aos seguintes supostos:
 - Profesorado con despacho/laboratorio na Escola: pode solicitar o acceso de xeito indefinido ou por un período determinado.
 - Traballadores con cargo a proxectos (investigadores, administrativos,...) ou programas de investigación: farase polo tempo de duración do proxecto ou períodos inferiores. A solicitude deberá ir asinada polo solicitante e, no seu caso, polo director do proxecto.
 - Alumnado de doutoramento: farase por cursos académicos ou períodos inferiores. A solicitude deberá ir asinada polo solicitante e polo profesor responsable do alumno.
 - Outro alumnado: farase por trimestres ou períodos inferiores. A solicitude deberá ir asinada polo solicitante e polo profesor responsable do alumno.
- ❸ En calquera caso, entenderase que as autorizacións cesarán inmediatamente se se perde a condición que a facía posible, polo que os beneficiarios ou os seus responsables comprométense a comunicar este feito á Dirección do Centro.
- ❹ Sen prexuízo doutras posibles accións, a Dirección do Centro poderá revocar unha autorización se se constata que o usuario cometeu un mal uso da súa posibilidade de acceso á Escola.
- ❺ Calquera outra situación non contemplada nos apartados anteriores será resolta pola Dirección do Centro.

SOLICITUDE DE ACTIVACIÓN DA TARXETA DE ACCESO Á ESCOLA

PROFESORADO

Nome:
Apelidos:
DNI:
Enderezo electrónico:
Período polo que solicita o acceso:
Indefinido
De _____ a _____

Sinatura:

Data:

OUTROS

Traballadores con cargo a proxectos ou programas de investigación
Alumnado de doutoramento
Outro alumnado

Nome e apelidos do **SOLICITANTE**:
DNI:
Enderezo electrónico:

Nome e apelidos do **RESPONSABLE**:
DNI:
Enderezo electrónico:
Período polo que solicita o acceso: de _____ a _____

Sinatura do **SOLICITANTE**:

Sinatura do **RESPONSABLE**:

Data:

Data:

Cubrir, asinar debidamente e remitir ao Negociado de Asuntos Xerais da ETSE de Minas

ANEXO X

Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas